

Sobre lendas e historia

Nun recanto da Capela das Reliquias da Catedral de Santiago atópase o sepulcro da raíña dona Berenguela, fermoso sartego de comezos do século XIII que perpetúa en pedra a mítica beleza que, segundo os ditos e mais as crónicas, distinguiu en vida a esposa de Afonso VII, rei de Galicia, León e Castela.

Unha vella tradición compostelá conta que a raíña Berenguela esperta do seu sono pétreo todas as noites do 24 de xullo. Cando a praza do Obradoiro se enche de xente disposta a ver os fogos do Apóstolo e toda a cidade de Santiago arde en festa e rebulicio, a belida raíña sae da súa tumba e percorre feliz e libre a cidade que tanto amou en vida. Segue contando a lenda que, nesa noite máxica, todas as mulleres que atopen no

seu camiño a raíña recibirán en don a mítica beleza pola cal Berenguela foi sempre loada. De aí que, entre os composteláns de idade, aínda se estile dicir dunha moza guapa e xeitosa que «vai feita unha Berenguela».

Para encontrar o referente histórico desta lenda debemos recuperar a figura de Berenguela de Barcelona (1106-1148), filla de Ramón Berenguer III, conde de Barcelona, e da súa primeira esposa, María Rodríguez de Vivar, filla do caudel medieval Rodrigo Díaz de Vivar, máis coñecido polo sobrenome de El Cid Campeador. A princesa Berenguela casou en Saldaña, en 1128, co rei Afonso VII (1105-1157), fillo da raíña Urraca de León e Castela e do príncipe Raimundo de Borgoña, conde de Galicia. Afonso VII naceu en Caldas de Reis e foi criado en Galicia por don Pedro Froilaz, conde de Traba. Este nobre galego, apoiado pola nobreza local —contraria a dona Urraca—, e co consentimento de Diego Xelmírez, arcebispo de Compostela, promoveu a coroación de Afonso, aínda neno, como rei de Galicia, feito que acontece en 1111.

Esta iniciativa espertou a ira da nai do novo monarca, muller contradictoria e problemática, ao se ver desposuída dun dos seus reinos máis prezados. Restablecidas as relacións entre nai e fillo —que nunca foron doadas—, á morte da raíña Urraca, acontecida en 1126, Afonso asume asemade as coroas dos reinos de León e de Castela.

Do matrimonio de Afonso VII e Berenguela de Barcelona naceron catro fillos —os infantes Fernando e Sancho (que serán, á morte do pai, reis de Galicia e León e de Castela, respectivamente) e as infantas Constanza e Beatriz.

A raíña Berenguela destacou polo seu activo papel na conquista de Toledo aos almohades e polo seu apoio ao culto a Santiago, como o proba o feito de escoller a catedral compostelá como lugar para a súa sepultura. O pobo de Santiago sempre gardou memoria desta raíña fermosa á que, por mor da lenda citada, lle devolve a vida unha vez ao ano, no día da festa maior da cidade.

Sobre a farsa que segue

A obra de teatro que presentamos deseguido non pretende ser fiel á historia nin ás lendas das que parte, aínda que beba dunha e doutras e en ambas sustente boa parte dos seus contidos. Emporiso, unha terceira e máis unha cuarta pata deste estaribel dramático que agora comeza están baseadas na fantasía e no soño, ingredientes máis ca necesarios cando se pretende inzar de teatro a vida e de vida o teatro. Teñan en conta, pois, as vosas mercés, este aspecto antes de tirar conclusións sobre o espectáculo que a piques está de comezar, nada máis que senten nas súas cadeiras e se dispoñan a pasar as páxinas do texto que teñen na man.

Sobre os personaxes

A RAÍÑA BERENGUELA —Dona noviña e fermosa, de pel de nácara e fazulas de cereixa, que viste coas gasas e os veos propios das fadas, ou das princesas medievais. É doce e nobre de corazón, e sofre a soidade das almas que non son comprendidas. O seu desexo meirande é voar.

EL-REI AFONSO —Home avellentado e barrigán, un pouco pelendre, bastante aparvado, ao que, a cada paso que dá, lle brinca o bandullo coma se tivese unha ra nerviosa prisioneira entre as paredes do seu ventre de bocoi. Devoto admirador da beleza da súa esposa a raíña Berenguela, á que porén non entende. Viste á usanza dos reis medievais.

DONA URRACA —Nai de El-Rei Afonso, anterior raíña, morta hai anos, pero viva na lembranza dos que a temeron e temen, axexadora das salas do castelo en frecuentes aparicións fantasmagóricas nas cales a vella raíña, comesta polos celos e as ambicións, alterna o físico de muller paxarote (con galas de viúva todas orladas de plumas negras e brancas) coa aparencia de pega maléfica.

DON DIEGO XELMÍREZ —Arcebispo de Compostela, home entre raposeiro e galante, sempre temeroso de ser desarcebispo compostelanizado por El Rei. Vive moi preocupado polo crecente deterioro da súa gallardía física. A elegancia dos seus pomposos hábitos de arcebispo é, de feito, coñecida *urbi et orbe*.

O CONDE DE TRABA —Aio de El-Rei Afonso e lugartenente das súas tropas. Ancián longo coma un día sen pan e fraco coma a subela dun zapateiro, viste un cumprido saio e gasta casco e escudo de guerreiro. Cando anda

parece que aboia no aire, de onde apaña as ideas máis peregrinas e os proxectos máis absurdos para desenvolver no campo de batalla, aos que El-Rei sempre outorga crédito.

ISIDORA E ELEONORA —Damas de respecto da corte, as dúas entradas en anos, contiñeiras e falabaras, que levan e traen rexoubas. Como boas enleadoras, ora andan como unlla e carne, ora están a matar entre elas. Visten as galas das vellas amas medievas, a medio camiño entre os hábitos das monxas e os vestidos das damas nobres anciás.

DOROTEA —Doncela de dona Berenguela, astuta e fiel á súa dona, á que desexa axudar en todo momento. A súa forma de falar é, ás veces, sorprendentemente anacrónica, incluso para ela mesma. Coma tantas mozas, é unha adiantada ao seu tempo. Viste con sinxeleza.

O XOGRAR REINALDOS —Mozo lanzal e afouto, un pouco tarambaina, de alma sensible tocada pola

poesía, da que fai oficio e arte. Ferido de amor por dona Berenguela, á que viu un día nunhas xustas, percorre o reino montado no seu cabalo Sinforoso, quen xa aprendeu a replicarlle aos retrousos e a levarlle a contra en todo o que di e fai. A pesar de todo, son bos compañeiros.

FREI ODRANOEL —Copista e servente de Xelmírez, para quen fai e refai a historia á medida das ansias do arcebispo. Inventor atribulado de centos de enxeños que non parecen servir para nada, Frei Odranoel é un xenio incomprendido adiantado ao seu tempo ao que todos desprezan, agás a boa raíña Berenguela, que sente mágoa del.

COMBA —Nena duns nove anos, tímida e solitaria, que non consegue integrarse nin ser aceptada polo grupo dos nenos da rúa, o cal lle produce unha gran tristura.

O VELLO DAS POMBAS —Ancián que anda pola rúa cargado de bolsas nas que leva todo o seu

mundo de home pobre, tolo e feliz. Recolle o que atopa e todos rexeitaron, e fala con quen o queira atender. O principal cometido do vello é dar de comer todos os días ás pombas a ración de pan migado que apaña para elas nos cubos do lixo. E por iso xa se sente útil e servizal.

NENOS E NENAS DA RÚA
POMBAS